



ÍNDICE

- 1.– Introducción.
- 2.– Obxecto ou temática de investigación.
- 3.– Descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.
- 4.– Documentación elaborada.
- 5.– Tarefas máis importantes realizadas polo alumnado.
- 6.– Recursos e fontes utilizadas.
- 7.– Implicación da comunidade educativa.
- 8.– Difusión entre a comunidade educativa.
- 9.– Avaliación. Procedementos empregados.
- 10.– Función e participación da biblioteca escolar.



1.- Introducción.

Xustificación

A biblioteca escolar do Centro levaba varios cursos sendo eixe vertebrador de proxectos documentais integrados con temáticas como "As viaxes", "O amor", etc. A preocupación manifestada nas avaliacións do equipo de biblioteca así como do equipo directivo era que durante eses cursos non se chegaban a realizar proxectos de investigación en todas as aulas e non había unha posta en común final, quedando nalgún caso o tema relegado a anécdota ou temática para as celebracións sen afondar moito máis no mesmo.

No curso 2015-16 a biblioteca decide escoller un tema como "A pintura" para facilitar e animar ao comezo do traballo por proxectos nas titorías máis rezagadas. Un tema amplo pero que daba liberdade para escoller a investigación sobre pintores/as, estilos pictóricos, cadros, etc. e que podería acabar cun resultado final moi claro: un museo. A escola convertíriase en museo por un día, cada aula sería unha sala e os alumnos/as serían os auténticos protagonistas.

O lema do PDI "Aquí todos pintamos moito" deixaba claro que a biblioteca era o lugar clave para a busca de información e investigación do proxecto. Coviña, a mascota da biblioteca, esta vez disfrazada de pintora, sería quen guiaría e motivaría a toda a comunidade educativa.

Co PDI "Aquí todos pintamos moito" pretendíamos que o alumnado fixera un achegamento á pintura, tendo en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación. Análise, investigación e posta en valor da pintura como linguaxe universal, como arte, como expresión, como cultura.

Temporalización

O PDI comezou a principios do mes de outubro e rematou o 15 de xuño coa inauguración do "Museo Nacional de Arte de As Covas Meaño". O proxecto tivo tres fases moi claras:

- No primeiro trimestre tivo unha primeira fase de aproximación e curiosidade hacia o tema.
- No segundo de elaboración de investigacións e proxectos nas diferentes aulas .
- E no terceiro trimestre de preparación das exposicións orais, publicidade, etc. para o Museo. Unha vez rematado tivo lugar a avaliación do proxecto.



No inicio de curso a mascota Coviña enviou cartas ás clases e familias avisando da temática escollida e expuséronse os novos libros de consulta sobre pintura no andel de entrada da biblioteca.

A partir do mes de novembro solicitouse colaboración ás familias para a iniciativa do "Cadro do mes", traballando cada mes un cadro famoso nas aulas e ao mesmo tempo integran-do a través de fotos, debuxos, etc. a toda a comunidade educativa.

Nas celebracións como o Nadal (a través do Belén), o Entroido (disfraces de cadros, pintores), o Día do Libro (día que se fixo unha espiral de manchas con citas de pintores na entrada do colexio que chegaban ata a biblioteca escolar), os Maios, a temática foi a pintura. Tamén houbo actividades en colaboración con EDNL como o calendario anual con temática da pintura e co equipo de extraescolares, como saídas a diferentes museos.

Alumnado e profesorado participante.

Este proxecto puido levarse a cabo grazas a implicación de todo o profesorado (18 Mes-tres/as) e todo o alumnado (164 entre Infantil e Primaria). Os titores/as mediante o desenvolvemento de proxectos nas súas aulas, colaboración en todas as actividades, preparación das salas..., os Mestres/as especialistas tamén realizaron diferentes tarefas para que se poidera desen-volver o proxecto (en música tamén se creou unha sala de artesanía de instrumentos feita polo alumnado, en inglés traducións dos carteis do museo, en orientación un apoio constante a nivel metodolóxico e organizativo...).

O alumnado estivo moi involucrado e motivado durante o desenvolvemento durante todo o curso do proxecto, en especial na preparación e publicidade do museo. O día da inauguración o alumnado de 6º desempeñou os diferentes roles propios dun museo: persoal de taquilla, director do museo, guías turísticos, xornalistas, camareiros/as na cafetería do museo, etc.

Organización para a súa realización.

O equipo de Biblioteca propuxo o tema nas liñas prioritarias de actuación presentadas para o PLAMBE a finais do curso pasado. Unha vez aprobado polo Claustro foi o equipo quen coordi-nou, temporalizou e organizou as diferentes tarefas levadas a cabo durante o presente curso escolar, xa planificadas en setembro no Plan Anual Lector e na PXA. As tarefas máis complicadas de organizar (Día do Libro, Museo...) sempre ían acompañadas dun dossier para o profesorado e/ou alumnado.

O equipo de EDNL aportou a súa colaboración na elaboración dos calendarios e revista escolar coa temática da biblioteca. O Equipo de Dinamización das TICs colaborou na divulgación fundamentalmente a través do facebook do colexio de todas as actividades levadas a cabo.



O Equipo de Actividades Extraescolares colaborou na organización das saídas aos museos de Pontevedra, Museo do Pobo Galego e a Fundación Granell. Tamén na organización das celebracións relacionadas como o Belén no Nadal e o desfile de entroido.

As familias tamén colaboraron coa aportación de fotos e debuxos de cadros como "O beirro", "O dormitorio en Arlés", "O arlequín", "O outono"... Tamén coa súa masiva participación na inauguración no museo (acudindo 124 persoas).

Contidos curriculares.

Competencias clave a desenvolver no proxecto.

No desenvolvemento do PDI estiveron integradas todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenrolando. A metodoloxía foi inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. En todo o proceso intentouse que as tarefas e actividades plantexadas estiveran relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real (os roles, elaboración de planos, trípticos, carteis, follas de reclamacións, organización e publicidade do museo son un bo exemplo).

- **Comunicación Lingüística (CCL):** fomentouse a mellora da expresión oral a través das exposicións das diferentes salas do museo, comprensión lectora mediante a busca de información para os proxectos, expresión escrita a través do extracto de ideas principais e síntese da información atopada, e comprensión oral mediante a escoita activa das exposicións orais dos compañeiros/as. Durante o curso tamén se realizaron actividades de lectura de imaxes, escrita creativa a través de cadros, lectura e expresión de emocións a través dos cadros, comentarios de arte, mellora na expresión escrita a través da elaboración de carteis, trípticos, follas de reclamacións, invitacións para o museo, etc.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** Realizaronse medicións para poder representar os cadros en tamaño real en diferentes salas, utilizando as unidades de medida. Traballo con formas xeométricas a través dos cadros, das cores... ademais de fomentar procesos de planificación, realización e comunicación de resultados das investigacións realizadas.
- **Competencia dixital (CD):** utilizaronse TICs para a busca de información, seleccionando as fontes fiables para a posterior síntese e aportación aos proxectos. Tamén fomentouse a mellora na utilización das TICs a través da elaboración e posterior publicación de carteis (cunha imaxe corporativa), invitacións, trípticos, elaboración de anuncios de radio e vídeo, entradas, etc.



- **Aprender a aprender (CAA):** a aprendizaxe por proxectos estimula esta competencia dende o momento no que se fai reflexionar sobre o que se sabe, o que se quere saber, onde buscamos, como nos organizarnos para atopar as respostas, que aprendemos... Estas preguntas obrigan a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, estratexias de planificación, estratexias de avaliación do resultado e do proceso levado a cabo... E sobre todo fomenta que o alumno/a se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** O alumnado tivo unha participación de forma activa e construtiva na comunidade educativa e na sociedade. Desenvolveu prácticas de aprendizaxe colaborativa e prácticas baseadas no pensamento crítico e creativo. A través do proxecto o alumnado mellorou a capacidade para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** mediante a iniciativa do museo o alumnado tivo que deseñar e implementar un plan, mellorando a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, tamén a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. Durante o proceso fomentouse a iniciativa e interés en todo o alumnado.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** ao ser a Pintura o tema do proxecto, en todo momento se tratou de mellorar a capacidade do alumnado para apreciar a importancia da expresión a través das artes plásticas. Desenvolouse a iniciativa, a imaxinación e a creatividade. O alumnado foi quen de emplear distintos materiais e técnicas no deseño dos proxectos, valorou a liberdade de expresión e sobre todo, mostrou interés, aprecio, respecto, disfrute e valoración crítica das obras artísticas.

Criterios e estándares de avaliación.

Sendo un proxecto tan amplo, claramente estáanse a tratar centos de estándares de aprendizaxe, contidos e criterios de avaliación plasmados no currículo. Nomearemos, a modo de exemplo, aqueles criterios de avaliación máis relevantes, deixando moitos no camiño ao non ser posible plasmarlos todos nunha memoria deste tamaño.

Algúns dos criterios de avaliación traballados: Participar en situación de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. Producir textos orais breves, imitando modelos e atendendo á forma e a intención comunicativa. Usar, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación dun modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. Amosar respecto polos diferentes tipos de expresión plástica. Usar léxico adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, etc...



2.- Obxecto ou temática de investigación propostos.

O PDI "Aquí todos pintamos moito" propónse dende o Equipo de biblioteca para que nas aulas de levaran a cabo proxectos de investigación sobre pintores/as, estilos pictóricos ou cadros concretos. A maiores dos proxectos das diferentes aulas a biblioteca propón o estudo e traballo dun cadro mensual, a integración do PDI nas diferentes celebracións (Nadal, Paz, Entroido, Día do Libro) e conta coa colaboración dos demais equipos do Centro.

O produto final de converter a escola nun museo enriquece o proceso e fai que a estes proxectos de investigación se lle unan moitas tarefas de corte competencial sempre realizadas polo alumnado.

3- Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.

O tema foi escollido en xuño de 2014 polo Claustro previa proposta de biblioteca.

En outubro e coincidindo coa apertura da biblioteca, a mascota Coviña deixa unha **caixa sorpresa** en cada clase cunha carta de motivación cara o tema da Pintura, cun libro de consulta sobre pintura e unha proposta de colaboración das familias da iniciativa do "**Cadro do mes**".

Unha vez xenerada a curiosidade cara o tema en cada clase foise avanzando con diferentes **proxectos de investigación** sobre algún pintores famosos (algún foi a maiores dos que acabaron formando parte do museo).

No Nadal realizouse un **Belén** onde os protagonistas eran personaxes de cadros famosos, as construcións eran museos, e incluso as mascotas eran animais de diferentes cadros. A elaboración do **calendario** tamén xirou en torno á pintura facendo foto-montaxes sobre cadros famosos nos diferentes cursos.

O **Día da Paz** formáronse "parellas da paz" mesturando cursos para pintar "**O Guernica**". Entre todos montamos 5 cadros Guernicas diferentes onde se utilizaron diferentes técnicas. Tamén se realizou un acto de dramatización sobre o Guernica e unha explicación por parte do alumnado de 5º sobre o significado da obra.

En febreiro comezou a **Olimpiada do Saber** partindo novamente da biblioteca. As preguntas, todas de corte competencial e nas que se fomentaba a investigación, xiraron todas en torno ao mundo da pintura. Houbo unha gran participación por parte do alumnado e moi boas respostas.



No 2º trimestre e en colaboración co equipo de Extraescolares tamén se organiza a "Saída ao Museo de Pontevedra", acudindo á mesma o alumnado do 2º e 3º ciclo de Primaria.

O entroido foi de pintores/as e cadros famosos. Moitos deles formaron parte despois da decoración de corredores na inauguración do museo. Os disfraces foron elaborados na escola, tendo que escoller cadro no caso do 2º e 3º ciclo e reproducilo.

O Día do Libro todo o alumnado e profesorado forma unha gran espiral no chan de entrada deixando pegadas manchas de pintura da cor preferida con citas de pintores, a expresión do que lle fai sentir a pintura ou o nome dun cadro significativo. Esta gran espiral remata na porta de entrada da biblioteca no cartel "Aquí todos pintamos moito".

A celebración do Día do Libro impulsa a preparación do produto final, o museo. Nesa semana o alumnado escolle o nome, quedando por votación escollido o "**Museo Nacional de Arte de As Covas Meaño**". Cada curso escolle **tarefas a realizar para poder levar á realidade esta iniciativa**. Propostas como anuncios publicitarios de radio, de vídeo, carteis, invitacións ás familias, a elaboración da propia taquilla, entradas, carteis solicitando silencio e mostrando diferentes normas, trípticos informativos das salas do museo, planos, carteis cos nomes das salas en diferentes idiomas, follas de reclamacións, o gran cartel de entrada ao museo, reparto de roles en 6º (director do museo, guías turísticos, camareiros, cámaras e xornalistas...), etc. Todo queda repartido entre todas as aulas da escola, non significando unha carga excesiva para ninguén e conseguindo enriquecer o proceso con tarefas de corte competencial e cunha intención moi definida.

Durante o 3º trimestre seguiron desenvolvéndose os diferentes proxectos de investigación nas aulas, tendo ademáis como produto final a decoración da clase á modo sala de museo, mediante á elaboración en tamaño real de cadros famosos e a exposición oral á modo de guías nas diferentes clases. A distribución das salas quedou da seguinte maneira: Sala Miró (3 anos), Arte rupestre (4 anos), Sala Dalí (5 anos), Sala das Emocións (1º), Sala Van Gogh (2º), Sala Frida Kahlo (3ºA e 3ºB), Sala Martha Gómez de Urueña (4º), Sala Guernica (5º) e reparto de roles en 6º, tendo que preparar estes últimos a exposición oral dos cadros dos corredores e da espiral de entrada.

O 15 de xuño foi a inauguración do "Museo Nacional de Arte de As Covas Meaño". Entregábanse entradas por cores en grupos de 30 persoas. Dous guías de 6º levaban a través dunha ruta polo museo a ese grupo. Finalmente viñeron 124 persoas que se organizaron rápidamente en 4 grupos en total guiados polos nenos e nenas de 6º a través das diferentes rutas. Nas aulas as exposicións eran de 5 minutos, dando aviso cun cartel de que se acababa o tempo cando faltaba un minuto para rematar... As exposicións orais das diferentes salas foron extraordinarias e a motivación do alumnado indescribible. A organización saíu tal cual o previsto e despois de hora e media de recorrido todas as familias poideron rematar a súa visita na cafetería do museo (outra aula habilitada). Os xornalistas entrevistaron o seu parecer e os comentarios foron de felicitación por todo o traballo realizado. O alumnado sentiuse moi satisfeito pola recompensa que recibiran despois de tanto esforzo invertido.



A excursión de fin de curso foi a Santiago de Compostela. O alumnado de Infantil visitou a "Fundación Granel" e o alumnado de Primaria o "Museo do Pobo Galego".

Unha vez rematado o PDI realizouse unha **avaliación** na que participaron familias, alumnado e Claustro de profesorado.

4.- Documentación elaborada para o alumnado e profesorado.

Durante o curso o equipo de biblioteca foi aportando diferentes documentos para facilitar a posta en marcha do proxecto tanto ao profesorado como ao alumnado.

Para o profesorado:

- Plan anual de Lectura indicando as diferentes fases e temporalización do proxecto, así como tarefas concretas a realizar ao longo do curso en relación co proxecto.
- Cartas e notas da mascota Coviña ás familias coa proposta do "Cadro do mes".
- Calendario de actividades.
- Información en intranet sobre diferentes tarefas a realizar sobre as emocións nos cadros.
- Dossier de organización do Día da Paz a través do Guernica.
- Dossier de organización do Día do Libro a través da gran espiral de entrada ao Museo.
- Dossier de organización das tarefas a realizar para a publicidade e posta en marcha do produto final do Museo.
- Dossier de organización do día concreto de inauguración do Museo.

Para o alumnado

- Caixa de Coviña con cartas e libros de pintura.
- Carteis, preguntas da Olimpiada do Saber sobre a pintura.
- Mochilas viaxeiras con libros de consulta sobre pintura así como contos ou narrativa coa mesma temática.
- Notas e carteis anunciando as diferentes actividades.
- Rutas do museo e organización das mesmas para os guías de 6º.



5.- Tarefas máis importantes realizadas polo alumnado.

Podemos dicir que nos sentimos orgullosos de que os auténticos protagonistas no proceso deste PDI foran os nosos alumnos e alumnas. Realizaron:

- Proxectos de investigación sobre Miró (3 anos), Arte rupestre (4 anos), Dalí (5 anos), As emocións na pintura (1º), Van Gogh (2º), Frida (3º), Martha Gómez de Urueña (4º) e O Guernica (5º). Estes proxectos implicaron busca e selección de recusos e información, organización do traballo, elaboración de textos e extracción da información máis importante, traballo cooperativo, autoavaliación, etc.
- Reprodución de cadros dos diferentes autores (en moitos casos en tamaño real) e acondicionamento da sala.
- Preparación de exposicións orais en cada clase axustándose aos cinco minutos de tempo.
- Reparto de roles asumindo os mesmos: guías, persoal de taquilla, director do museo, xornalistas, camareiros/as... Preparación das exposicións orais dos guías, entrevistas aos pais e gravacións en vídeo dos xornalistas, toma de decisión ante algún problema do director, entrega de entradas e recepción, etc.
- Acordo e votación para escoller o nome do Museo (todo o colexio).
- Deseño e realización dun cartel publicitario do museo coidando a imaxe corporativa (1º).
- Elaboración de cuñas publicitarias de radio (5 diferentes) para reproducir pola megafonía do colexio nas entradas e saídas. Redación dun texto breve, busca da música e gravación das voces (2º).
- Deseño e elaboración dunha invitación ás familias a través do programa Publisher coidando a imaxe corporativa (2º)
- Elaboración do cartel xigante co nome do museo (Infantil).
- Guión, deseño e elaboración de tres vídeos promocionais do museo (6º)
- Redación e elaboración do tríptico do museo en Publisher (3ºA).
- Elaboración do plano do museo cos nomes das salas (4º).
- Elaboración das follas de reclamacións do museo (5º).
- Carteis do museo: Silencio, non comer, podemos sacar fotos... (Infantil), entrada, saída, taquilla, nomes das salas (5º), "Falta 1 minuto", "Rematou o tempo" (3ºB)
- Elaboración das entradas numeradas por cores, taquilla, carteis por cores dos guías, postres para a cafetería (6º).



- Decorado, realización e colocación de cadros para adornar os corredores do colexio.
- Participación na elaboración dos disfraces, Belén, calendario e "Cadros do Mes".

6.- Recursos e fontes utilizadas.

Na entrada da biblioteca estiveron expostos durante todo o curso libros de consulta e narrativa sobre Pintura. Houbo unha inversión importante do presuposto de biblioteca para este fin.

Nas horas reservadas nas titorías para o uso de biblioteca era cando cada aula avanzaba no seu proxecto, buscando tanto nos libros de consulta coma nos catro ordenadores da biblioteca.

7.- Implicación da comunidade educativa.

O PDI puido levarse a cabo fundamentalmente polo apoio de todo o Claustro ás diferentes propostas do equipo de Biblioteca. A implicación do profesorado, por tanto, foi do 100%.

O alumnado implicouse totalmente no desenvolvemento de todas as tarefas, fundamentalmente ás do Museo. A grao de motivación era increíble.

As familias implicáronse na participación dos Cadros do Mes, na realización das figuras e construcións do Belén, acudindo como expectadores no entroido e na visita ao Museo (124 persoas en horario de mañá).

8.- Difusión entre a comunidade educativa.

O medio de difusión principal foi o facebook do colexio CEIP As Covas Meaño. O número de reproducións dos vídeos de publicidade e do resume do día de inauguración do Museo pasou das 2000.

Tamén veu a prensa (Faro de Vigo) e publicou en portada na edición Arousa á nova do museo da escola cunha xenerosa reportaxe.



9.- Avaliación. Procedementos empregados.

Como procedementos de avaliación empregaróñse fundamentalmente as reunións periódicas do profesorado (semanais, mensuais e trimestrais), reflexionando sobre o grao de adquisición dos obxectivos marcados (tanto a nivel organizativo, como pedagóxico, como social). Houbo unha revisión constante do proxecto, sendo modificado nalgún caso o calendario inicial así como engadindo e adaptando ás tarefas a desenvolver. O obxectivo máis revisado é que fóra unha realidade o traballo por proxectos nas aulas e que houbera unha posta en común final.

O alumnado de educación Primaria avaliaouse a si mesmo a través de diferentes rúbricas elaboradas polo profesorado en función do proxecto levado á cabo. Tamén houbo unha autoavaliación constante á través das asembleas e reflexións individuais. O profesorado tamén avaliou o traballo do alumnado nas aulas mediante diferentes instrumentos.

As familias avaliaron o desenvolvemento do proxecto a través da entrevista final dos "xornalistas" de 6º. O alumnado levaba un cuestionario preparado coa finalidade de medir o grao de satisfacción coa proposta do Museo e de crítica de todo o proceso.

O grao de participación das familias, alumnado e profesorado tamén debe ter sido en conta para unha avaliación máis que positiva desta proposta da biblioteca. Anima a continuar nesta liña, tendo xa o tema previsto para o curso que vén (Tele-Coviña) .

Como propostas de mellora temos como obxectivo mellorar na organización do proceso, realizar unha elaboración de rúbricas comúns dende o equipo de biblioteca, enquisas para as familias e profesorado. Outra proposta de mellora é a de darlle máis divulgación entre as familias e alumnado ás competencias clave e estándares de aprendizaxe traballados.



10.- Función e participación da biblioteca escolar.

A Biblioteca Escolar foi o motor do Proxecto Documental Integrado realizando tarefas como:

- Coordinar e organizar dende o principio o desenvolvemento do proxecto. Realizou reunións periódicas co equipo de biblioteca, o ENDL, o equipo de TICs e o equipo de actividades extraescolares. Tamén programou reunións informativas con todo o Claustro para ir avanzando nas tarefas a realizar e avaliando o proceso.

- Buscar, seleccionar, mercar e expoñer bibliografía de consulta e narrativa referente á Pintura.

- Organizar os diferentes días de celebración en coordinación cos demais equipos: Belén, Calendario, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, excursión a museos, inauguración do Museo Nacional de Arte de As Covas Meaño.

- Elaborar diferentes actividades de fomento da lectura relacionadas co proxecto: mochilas viaxeiras, Olimpiada do Saber, caixas sorpresa de Coviña, etc.

- Organización, proposta e reparto de tarefas para o produto final do Museo.

- Avaliación do proceso.

- Difusión, coa colaboración do equipo de TICs, no facebook da escola.

<https://www.facebook.com/CEIP-As-Covas-Mea%C3%B1o-709101825902734/?fref=ts>

En Meaño, a 29 de xuño de 2016

Paulo Nogueira Porto

Director do CEIP Plurilingüe As Covas Meaño